

Estimados pais/nais e/ou titores/as:

Informámoslos que o día 20 de maio saíu publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o vindeiro curso escolar 2021/2022.

Resumo das bases da convocatoria:

**1. Presentarase unha única solicitude por familia. Dita solicitude será válida para as tres modalidades que contempla a Orde:**

**\*No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.**

	<b>SOLICITANTES</b> (pais/nais e/ou titores legais de...	<b>REQUISITOS</b>
<b>1. Participación no fondo solidario de libros de texto</b>	<b>alumnos/as de 3º e 4º de Ed. Primaria</b>	Poderá participar todo o alumnado dos cursos mencionados e asignaranse os libros de texto por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar:  -Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros recibirán 6 libros.  -Familias con renda per cápita superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros recibirán 4 libros.  -Resto de familias: recibirán libros se quedan sobrantes unha vez asignados ás familias anteriores
<b>2. Axudas para adquirir libros de texto</b>	<b>alumnos/as de 1º e 2º de Ed. Primaria</b>	Poderán solicitar estas axudas: -Familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, as cales recibirán un vale de 210 euros.  -Familias con renda per cápita superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros, as cales recibirán un vale de 140 euros.  -Resto de familias: non poderán solicitar esta axuda.
<b>3. Axudas para adquirir material escolar</b>	<b>alumnos/as de calquera curso de Ed. Primaria (de 1º a 6º)</b>	Só poderán solicitar esta axuda as familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, as cales recibirán un vale de 50 euros.

\* O alumnado de Educación Especial, o alumnado tutelado pola Xunta de Galicia e o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%, terá dereito as axudas que lle correspondan con independencia da renda familiar.

**O alumnado de 5º e 6º de primaria non poderá solicitar axudas para libros de texto porque participamos no proxecto E-DIXGAL (libro dixital).**

**2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o 21 de maio e rematará o 22 de xuño de 2021, ambos incluídos.**



3. A renda familiar estará formada pola suma das rendas de cada un dos membros computables. Cando presentasen declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal de 2019, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460), isto farase con cada declaración presentada polos distintos membros. Se non presentaron declaración da renda, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. **(Se autorizan a consulta de datos non terán que facer este cálculo).**

4. A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal de 2019 (calculada segundo o punto anterior), entre o número de membros computables.

<b>Membros computables da unidade familiar</b>	<b>Membros non computables da unidade familiar</b>
Os pais non separados legalmente nin divorciados ou o titor ou titores do alumnado.	A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.	O agresor nos casos de violencia de xénero.
Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente.	
Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar	
Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.	
A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.	
Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos arriba mencionados.	

**5. A situación persoal, familiar e económica será a que corresponda ao 31 de decembro de 2019.**

6. A solicitude **presentarase preferiblemente** por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática “Fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

**Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## 7. Xunto coa solicitude presentarase a seguinte documentación:

- Copia do libro de familia ou documentación equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Certificado ou volante de convivencia \*
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde reside a familia.

### \* Non se considera válido o certificado de empadronamento.

- Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que **non** pertenza á Xunta de Galicia.

- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**8.** Tamén lles informamos que é obriga dos beneficiarios conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2021/22, e devolvelos a rematar este. Tamén terán a obriga de destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro e destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

## 9. O horario de presentación das solicitudes en secretaría é o seguinte:

<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>11:15 – 12:00</b>	<b>10:30 – 12:00</b>	<b>9:30 – 10:15</b>	<b>10:30 – 12:00</b>	<b>10:30 – 12:00</b>
<b>13:00 – 13:30</b>	<b>13:00 – 13:30</b>	<b>11:15 – 12:00</b>		
	<b>16:40 – 18:30</b>			

**\*Non se admitirán solicitudes fóra deste horario** (agás previa solicitude en secretaría). **Tampouco se recollerán as solicitudes que envíen polos alumnos/as. Deberán ser os pais/nais os que a entreguen no centro. Tamén recorden de poñer como solicitante a persoa (pai ou nai) que virá recoller o vale ao centro.**

En posteriores notas informativas irémoslles indicando as datas de entrega dos vales e de exposición das listas provisionais de solicitudes admitidas do fondo solidario. Para calquera consulta non dubiden en contactar co centro.

**Na páxina web do colexio poderán consultar a Orde completa publicada no DOG:** [www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbinonunez) e **descargar o impreso de solicitude.**

Ourense, 21 de maio de 2021. A dirección.